



CONVOCATORIA AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

CIG-Saúde CONVOCA aos Medios de Comunicación a unha Concentración que se realizará ás 11:00 horas do martes, 31 de xaneiro, na entrada da Xerencia de At. Primaria, no marco das seguintes mobilizacións:

- 1.- **Concentración diante da Xerencia de At. Primaria na rúa Emilio e Manuel nº 1, baixo, que comezará ás 11 horas do Martes 31 de xaneiro.**
- 2.- Concentración diante do SERGAS, en Compostela, ás 11 horas do día 7 de febreiro.

Despois da absolutamente decepcionante xuntanza da Comisión de Seguimento dos Acordos de Primaria, que por fin o Sergas convocara grazas á insistencia de CIG-Saúde, continuamos a defender os catro puntos apoiados por máis de catrocentas sinaturas de enfermeiras/os e médicas/os de PACs:

- 1.- **Cómputo de xornada.** Reclamamos unha interpretación correcta dos termos do acordo e a súa translación ao aplicativo informático, para rematar coa situación actual na que se penaliza aos traballadores cando teñan unha IT ou collen un permiso retribuído.
- 2.- **Confeción de calendarios.** Reclamamos calendarios anuais elaborados coa participación das e dos traballadores e construídos con criterios de equidade. Neses calendarios, a xornada ordinaria e a complementaria deben estar claramente diferenciadas, e deben recoller necesariamente a xornada ordinaria do persoal de PAC e tódolos seus permisos.
- 3.- **Cumprimento da Acta do 16 de xuño.** Na súa aplicación en cada área reclamamos que, de quedar horas suficientes (1623 horas/anuais), se proceda á creación dun vinculo estable (obra e servizo) contratando persoal das listas de contratacións antes de ofertalas á voluntariedade.
- 4.- **Contratación de persoal das listas.** Reclamamos que se cumpran os apartados do acordo que establecen que diante dunha ausencia, o primeiro é contratar persoal das listas de contratacións.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2012

Camilo Agulleiro Sambade
677 457 279

Marisé López Pérez
662 312 980